



Valdoviño



VALDOVIÑO

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA ONCE DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

Expte: 2025/G007/000004

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e trinta e sete minutos do día once de febreiro de dous mil vinte e cinco, reúnen-se en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 56 de data 10 de febreiro/2025 e baixo a Presidencia do sr. Alcalde Alberto González Fernández: dona Rosa Ana García López, don Benito Manuel Vega Fernández, dona Tamara Sabín Caamaño e don Alejandro Antonio García Sousa.

Actúa como secretario don Rafael Jose Del Barrio Berbel en réxime de acumulación de funcións na secretaría do Concello de Valdoviño (Resolución da DXAL de 4.12.2024).

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, esta celébrase comezando co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES: 28.01.2025 (ORDINARIA) E 03.02.2025 (EXTRAORDINARIA E URXENTE).-

O alcalde pregúntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación ás devanditas actas, e ao non facerse ningunha alegación, declara que as actas das sesións de 28.01.25 e do 03.02.2025 quedan aprobadas sen ningunha obxección pola Xunta de Goberno Local.

2º.-SOLICITUDE DE LICENZA PARA A TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS, INSTADA POR DONA LAURA SIMONA TUDOR EREMIÁ, NÚMERO DE EXPEDIENTE 2025/R002/000001.-

“Proposta de Alcaldía

Expte. 2025/R002/000001

Vista a instancia de dona [REDACTED] formulada en data 4 de febreiro de 2025, rexistro xeral de entrada núm. 20250000000224 pola que solicita que se lle conceda a licenza municipal para a tenza de animais potencialmente perigosos, e examinada a

documentación que adxunta á mesma, así coma comprobado o padrón municipal de habitantes, no que aparece inscrito.

Tendo en conta pois, que a solicitante, atópase empadroada neste concello, e que se aporta toda a documentación requirida na normativa que regula a tenza de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia, que consta no expediente da súa razón.

Esta ALCALDÍA en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de Goberno local, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Conceder a licenza para a tenza de animais potencialmente perigosos a dona [REDACTED] cunha validez de CINCO ANOS dende a data da notificación, debendo ser renovada ao remate de cada período de validez, previa xustificación de que se seguen cumprindo os requisitos que se esixiron á interesada como documento acreditativo desta concesión.

Segundo.- O animal deberá ser identificado cun “microchip”, susceptible de ser lido mediante un equipo lector específico para poder ter localizado ao animal en todo momento.

Terceiro.- Notificar o presente acordo á interesada para o seu coñecemento e efectos oportunos. Coa notificación entregaráselle un dorso á interesada, onde constan as obrigas que deben de cumprir os titulares da licenza; e realizar os demais trámites precisos derivados do acordo.

*ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO SR. ALCALDE NA DATA INDICADA O
MARXE”*

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2025/R002/000001).

3º.-EXPEDIENTE DA ÁREA DE OBRAS E URBANISMO: SOLICITUDE DE PRÓRROGA DE INICIO DE OBRAS E EDIFICACIÓN E CAMBIO DE TITULARIDADE, NÚMERO DE EXPEDIENTE 2023/U022/000022.-

“PROPOSTA DE ALCALDÍA PRÓRROGA DE INICIO DE OBRAS DE EDIFICACIÓN E CAMBIO DE TITULARIDADE.

Nº Expediente: 314/2023

Asunto: Prórroga de Licenza e cambio de titularidade.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 02/07/2024 polo que se concedeu a [REDACTED] licenza para as obras de **construción de vivenda unifamiliar** no lugar de **A Bedoxa, 19** (parroquia de Sequeiro). Outorgouselle un prazo de 36 meses para a execución das mesmas, sendolle notificado o acordo ao interesado en data 04/07/2024.

Visto escrito presentado por David Pérez Barcia o 04/01/2023, no que solicita o cambio na titularidade da licenza de edificación outorgada e a prórroga de 6 meses para o inicio das obras.

Considerando que a día de hoxe non variaron as condicións urbanísticas contidas nas vixentes Normas Subsidiarias do Planeamento Municipal, que serviron de base para o outorgamento da referida licenza de obras.

Visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 04/02/2025 no que conclúe: *“Por todo o anteriormente exposto, e salvo opinión mellor fundada á que se somete o técnico que subscribe este informe, infórmase a solicitude de prórroga para o inicio das obras contempladas na licenza outorgada o 02/07/2024 como **Favorable**.*

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de goberno local, a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Tomar razón **do cambio na titularidade na licenza** outorgada para a construción de vivenda unifamiliar no lugar de A Bedoxa, 19, parroquia de Sequeiro (expte. de obra nº 314/2023) **que pasa a nome de David Pérez Barcia**.

Segundo.- Conceder a **prórroga de licenza de obras a David Pérez Barcia** para a construción de vivenda unifamiliar no lugar de A Bedoxa, 19, parroquia de Sequeiro (expte. de obra nº 314/2023)

Esta prórroga non poderá superar o prazo inicialmente acordado para o inicio das obras que era de seis meses.

Antes de comezar as obras entregarase proxecto de execución co contido mínimo legalmente establecido e no que se xustifique o cumprimento da normativa de aplicación, asinado por técnico competente e visado polo colexio profesional correspondente. O citado proxecto deberá de ser aprobado polo Concello.

Terceiro.- Notificar o presente acordo ao solicitante co recurso que proceda.

En Valdoviño, na data da sinatura á marxe,
O Sr. Alcalde, Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2023/U022/000022).

4º.-EXPEDIENTE DA ÁREA DE OBRAS E URBANISMO: MODIFICACIÓN DE LICENZA DE EDIFICACIÓN, NÚMERO DE EXPEDIENTE 2022/U022/000006.-

“- Expte. de obras 35/2022.- [REDACTED] representado por [REDACTED] - Para a modificación da licenza de edificación outorgada para executar as obras de construción de vivenda unifamiliar aillada na parcela situada no Lugar de O Vieteiro, 56, na parroquia de Pantín de acordo coa documentación técnica achegada e asinada pola arquitecta Carolina Martínez Vila.

A vivenda unifamiliar obtivo licenza municipal de obras por acordo da Xunta de Goberno Local de data 23.06.2022 condicionada á achega da seguinte documentación debidamente visada:

- Proxecto de execución visado
- Estudo básico de seguridade e saúde visado
- Nomeamento do arquitecto técnico ou aparelador como director de execución da obra, visado polo correspondente colexio profesional e nun modelo homologado por dito colexio.

En data 27/09/2024 co núm. de rexistro 202499900001650 achegase ao expediente a devandita documentación:

- Modificado de proxecto básico e proxecto de execución para construción de vivenda unifamiliar illada, redactado pola arquitecta Carolina Martínez Vila e visado polo correspondente colexio profesional o 24/09/2024.
- Oficio de Dirección de obra de arquitecto a nome de Carolina Martínez Vila, visado polo correspondente colexio profesional o 02/07/2024.
- Oficio de director de execución da obra de arquitecto técnico e coordinador de seguridade e saúde, a nome de Julian Méndez Suárez, visado polo correspondente colexio profesional o 25/09/2024.

O modificado de proxecto básico e proxecto de execución achegado presenta as seguintes diferenzas con respecto ao proxecto básico xa informado e que obtivo licenza municipal de obras:

- O programa da vivenda que antes se desenvolvía en dúas plantas (planta baixa e primeira), pasa a desenvolverse nunha soa planta (planta baixa).

Este cambio implica a eliminación da escaleira que comunicaba as dúas plantas e a súa substitución por unha despensa e un armario. Esta variación supón un aumento na superficie construída da planta baixa de 2,35 m², pasando de 161,05 m² a 163,40 m². Pola súa banda, a superficie construída total da edificación pasa de 304,50 m² a 163,40 m², o que supón unha redución da superficie construída total de 141,10 m².

Tendo en conta o anterior o orzamento de execución material de referencia (PEMR) varía con respecto ao orixinal, implicando unha diferenza de **2.271,81 € no importe do ICIO, que deberá devolverse a favor do interesado.**

Considerando que o segundo o informe do arquitecto municipal de data 29/01/2025, o **modificado de proxecto básico e proxecto de execución para construción de vivenda unifamiliar illada é viable segundo a normativa en vigor** e a documentación técnica achegada é completa, por tanto, desde este punto de vista procede o inicio das obras.

E visto informe xurídico do Secretario municipal con data 31/01/2025 en sentido **FAVORABLE.**

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes **ACORDOS:**

Primeiro.- Modificar a licenza concedida para a autorización das obras de construción de vivanda unifamiliar aillada na parcela situada no Lugar de O Vieteiro, 56, na parroquia de Pantín segundo o disposto no modificado de proxecto e dar por válida a documentación técnica achegada o 27/09/2024, podendo dar comezo ás obras.

Segundo.- As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada pola arquitecta Carolina Martínez Vila e as condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

Terceiro.- Aprobar a liquidación definitiva das taxas das obras, segundo informe que consta no expediente o orzamento de execución material de referencia pasa a ser de 112.514,17 €, o de execución material pasa a 147.783,63 €. **O ICIO definitivo é de 3.399,02, procede polo tanto devolver 2.271,81 € a favor do promotor.**

Cuarto.- Aprobar o prazo de execución das obras, que se estima en 36 meses.

Quinto.- Notifíquese o presente acordo aos interesados e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite, así coma aos servizos económicos para os efectos oportunos.

En Valdoviño, asinada electrónicamente na data á marxe polo Sr. Alcalde Alberto González Fernández.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2022/U022/000006).

5º.- APROBACIÓN DAS BASES DO XXV FESTIVAL DO ENTROIDO 2025 DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, NÚMERO DE EXPEDIENTE 2025/D001/000002.-

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Manifestando a Corporación Municipal o interese en celebrar un festival de entroido , coa fin de promover unha das festas cíclicas tradicionais máis importantes de Galicia e de recuperar a tradición popular destas datas no Concello de Valdoviño preséntanse as bases que rexerán no XXV FESTIVAL DO ENTROIDO 2025 no Concello de Valdoviño. No festival participarase nunha categoría única ou xeral que abrangue distintas modalidades: comparsa, grupo, parella e individual

O importe total destinado a esta actividade será de 3.450,00 euros (tres mil catrocentos cincuenta euros).

Pasarase a dar difusión da convocatoria e publicidade das bases establecidas a través do taboleiro de anuncios da casa da cultura, da prensa, da páxina web, das redes sociais do concello e do SMS así como a través do BOP da provincia da Coruña.

Á vista do anteriormente exposto esta Alcaldía propón que se adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO; Aprobar as Bases que rexerán no XXV Festival do Entroido 2025 e as axudas en gratificacións e premios que se recollen nas mesmas para os participantes por un importe total de 3.450,00 euros como máximo con cargo a aplicación orzamentaria 334.48000.

Valdoviño a 10 de febreiro de 2025.

Alcalde

Alberto González Fernández.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2025/D001/000002).

E sen máis asuntos que tratar, o sr. Alcalde levantou a sesión, ás nove horas e corenta e cinco minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretario municipal, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo polo secretario e polo alcalde/